



Ref. ACTAS

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA
SR. ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

O Código Civil, no seu art. 51.1 contempla a posibilidade de celebrar matrimonios civís, autorizándose estes polo Alcalde do municipio no que se celebre ou polo/a concelleiro/a en quén este delegue.

Coa finalidade de incluír entre o conxunto dos cometidos propios que conleva o exercicio do cargo de Concelleiro/a prevese delegar esta autorización a todos eles con carácter xeral.

De acordo co exposto e de conformidade co establecido nos artigos 43 (e seguintes) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais que sinalan os termos das delegacións da Alcaldía, ao distinguir entre delegacións xenéricas e especiais, **RESOLVE:**

PRIMEIRO: A competencia que o artigo 51 do Código Civil atribúe ao Alcalde para autorizar matrimonios civís na forma que o propio Código establece, será exercida polo propio Alcalde e ademais polos 20 Concelleiros/as do Concello de Vilagarcía de Arousa que a exercerán de conformidade coas súas dispoñibilidades.

SEGUNDO: Os matrimonios civís celebraranse con carácter xeral no Salón Nobre da Casa do Concello, nas datas e horarios que se establezan. Excepcionalmente se autoriza a celebración dos matrimonios civís fóra da Casa do Concello.

TERCEIRO: Para efectuar a celebración do matrimonio civil se requirirá que os contraentes dispoñan da documentación legalmente esixida e o certificado emitido para elo polo Rexistro Civil.

CUARTO: O presente Decreto entrará en vigor o día da súa firma, debendo publicarse no Boletín Oficial da Provincia, e na sede electrónica municipal: <http://sede.vilagarcia.gal>, conforme co disposto no artigo 6 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

En Vilagarcía de Arousa, a data da sinatura.

O ALCALDE-PRESIDENTE

A SECRETARIA ACCTAL,

D. Alberto Varela Paz
Sinatura dixitalizada

Dona M^a Rosario González Pacios
Sinatura dixitalizada

